CONCELLO
DE TEO
Alcaldía

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** Listas definitivas - PI - Funcionarización - Administrativa/o

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/001061

Vista a Resolución da Alcaldía nº 365/2023, de 20 de marzo, pola que se aproban as bases e a convocatoria que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, funcionarización, de dúas (2) prazas de administrativa/o, funcionaria/o de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2021.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia número 69, de 12 de abril de 2023, e os publicados no Diario Oficial de Galicia, número 92, de 15 de maio de 2023, e no Boletín Oficial do Estado, número 128, de 30 de maio de 2023.

Considerando que con data 14 de xullo de 2023 finalizou o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de persoas aspirantes.

Vista as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

**RESOLVO:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 29/08/2023 10:49:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 29/08/2023 11:43:00)
Decreto Nº: 1029/2023 - Fecha de decreto: 29/08/2023
Versión imprimible
CVD: hV+q3DEDMONpUAFawPHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, funcionarización, de dúas (2) prazas de administrativa/o, funcionaria/o de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2021.

**Persoas aspirantes admitidas**

| APELIDOS | NOME | DNI / NIE | EXAME DE LINGUA GALEGA | LINGUA EXERCICIOS |
|---|---|---|---|---|
| ARIAS DÍAZ | ANA MARÍA | ***7522** | EXENTA | CASTELÁN |
| BOUZAS PIÑEIRO | MARÍA JESÚS | ***0678** | EXENTA | CASTELÁN |

**Segundo.-** Convocar ás persoas integrantes do tribunal cualificador para o día 19 de setembro de 2023 ás 12.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

**Terceiro**.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica deste Concello: www.teo.gal e notificala aos membros do tribunal cualificador.

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 29/08/2023 10:49:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 29/08/2023 11:43:00)
Decreto Nº: 1029/2023 - Fecha de decreto: 29/08/2023
Versión imprimible
CVD: hV+q3DEDMONpUAFawPHf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.